

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar

.....

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 11 de novembro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de subinspección urbanística, convocado pola Orde do 25 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 86, do 6 de maio), pola que se fai público o acordo do tribunal que declara todos os aspirantes exentos da realización do cuarto exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 11 de novembro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 9 de outubro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, grupo B, escala de subinspección urbanística, convocado pola Orde do 25 de abril de 2008 (DOG número 86, do 6 de maio), acordou declarar a todos os aspirantes exentos da realización do cuarto exercicio do proceso selectivo, logo de que acreditaran posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso de perfeccionamento de galego, consonte a base II.1.4 da convocatoria.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Iván Andrés Mosquera Fuembuena
Presidente do tribunal

Resolución do 11 de novembro de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008.

Nas sesións do tribunal nomeado pola orde da Consellería de Facenda do 7 de setembro de 2009 (DOG número 179, do 11 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática, que tiveron lugar os días 5, 10 e 11 de novembro de 2009, adoptáronse, de conformidade co establecido na orde de convocatoria, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro.

En canto á quenda de promoción interna:

1. Anular, con base nas reclamacións presentadas, para a quenda de promoción interna, as preguntas números 13, 44, 55 e 70 do primeiro exercicio da fase de oposición, pasando a ser substituídas polas preguntas de reserva números 81, 82 e 83.

Segundo o establecido na base II.2.6 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada consonte ao previsto no artigo 114

da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións presentadas.

3. Indicar, de conformidade co disposto na base II.1.1 da orde de convocatoria, que superaron o primeiro exercicio os aspirantes da quenda de promoción interna que obtiveron unha puntuación mínima de 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en trinta e cinco (35) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Segundo.

En canto á quenda de acceso libre:

1. Anular, con base nas reclamacións presentadas, para a quenda de acceso libre, as preguntas números 8, 30, 38, 44, 55 e 71 do primeiro exercicio da fase de oposición, pasando a ser substituídas polas preguntas de reserva números 81, 82 e 83.

Segundo o establecido na base II.2.6 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada consonte ao previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións presentadas.

3. Indicar, de conformidade co disposto na base II.1.1 da orde de convocatoria, que superaron o primeiro exercicio os aspirantes da quenda libre que obtiveron unha puntuación mínima de 10 puntos, para o cal o tribunal fixou en trinta e nove (39) o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na mesma base.

Terceiro.-Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes, no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Cuarto.-Indicar que, de acordo co disposto na base II.1.1, da orde de convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009.

Luis Fernando Núñez Alonso
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 4 de novembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo pertencentes á estrutura directiva do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Convocada por Orde do 8 de setembro de 2009, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo no Hospital Comarcal de Valdeorras (DOG número 185, do 21 de setembro), esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos pertencentes á estrutura organizativa do Hospital Comarcal de Valdeorras anunciada por Orde do 8 de setembro de 2009 (DOG número 185, do 21 de setembro).

Segundo.-Nomear, nas prazas que se indican, as persoas citadas no anexo desta orde, para os efectos do previsto no punto 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG número 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: directora de Xestión e Servizos Xerais.

Nome e apelidos: Margarita Rodríguez Blanco.

Centro: Hospital Comarcal de Valdeorras.

Posto: directora médica.

Nome e apelidos: María Isabel González Vázquez.

Centro: Hospital Comarcal de Valdeorras.

Posto: director de Enfermaría.

Nome e apelidos: José Jesús Vilasánchez Feijoo.

Centro: Hospital Comarcal de Valdeorras.